

INSTRUCCIÓN II/2022 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC, establece que en materia de roupa de traballo e vestiario a Universidade proporcionaralles anualmente aos/ás traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade, e unha vez negociado co Comité Intercentros, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 30 de abril de 2020 (DOG do 11 de maio de 2020), dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

As solicitudes hai que presentalas usando o seguinte formulario en liña:

https://aplicacions.usc.es/intranet/solicitudes/Xerencia_roupaTraballo.htm

Os postos de traballo con dereito a prenda de traballo son os que se relacionan no Anexo I da presente instrución. Exclúense dela o persoal coa categoría de condutor e o que presta servizos en actos oficiais.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 1 de xuño ata o 31 de xullo de 2022.

3. PROCEDEMENTO

Unha vez recibida a solicitude no Servizo de Xestión de Persoal/ Unidade de administración do Campus de Lugo e feitas as comprobacións oportunas, remitirase á dirección de correo electrónico da persoa interesada a credencial asinada pola Xefa do Servizo de Xestión de Persoal ou a Xefa de administración do Campus de Lugo segundo o caso. Unha vez recibida a credencial a/o traballador/a deberá:

3.1 No caso de estar destinado no Campus de Santiago, acudir á empresa concesionaria para retirar o vestiario ou, de ser o caso, para que lle tomen as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

Empresa concesionaria:

VESLA, S.L., Rúa José Villar Granjel, 4.

Polígono de Boisaca, (Fronte ao Tanatorio)
Santiago de Compostela

3.2 No caso de estar destinado no Campus de Lugo, serán avisados pola administradora do Campus de Lugo do día en que a empresa se desprazará a esa cidade.

3.3 O/A traballador/a entregaralle a credencial asinada á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resguardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5. FACTURACIÓN DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando as credenciais que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e pola xefa do Servizo de Xestión de Persoal ou da administradora do Campus de Lugo.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ROUPA TRABALLO 2022		
CATEGORÍA	Nº prendas	ROUPA DE TRABALLO
Vixiante	1	parca bicolor
	1	par de botas goretex
Persoal limpeza	2	batas azuis ou pixamas de dúas pezas
Cociñeiro/a	2	batas brancas ou pixamas de dúas pezas
	1	gorro de cociñeiro/a
Especialista de oficios (mantemento)	2	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis.
	1	chuvasqueiro
Técnico en instalacións. especialidade calefactor	2	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis
	1	chuvasqueiro
Especialista de oficios (electricistas) e Técnico en instalacións, especialidade electricista	2	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis
	1	chuvasqueiro
Especialista de oficios (Xardineiro/a) e Técnico investigación da finca de prácticas	2	traxes mahon verán
	4	camisas, 2 verán e 2 inverno
	8	pares de carpíns 4 verán e 4 inverno
	1	gorro ou pasamontañas
	1	traxes inverno tipo goretex (non plásticos)
	1	viseira ou chapeo

Oficial servizos	2	batas azuis ou fundas ou traxes de mahón.
Auxiliar técnico de servizos (DEPORTES)		Se realiza labores propios de xardinería, terá opción ás mesmas prendas que o especialista de oficios xardineiro/a
Socorrista	2	bañadores
	1	albornoz ou toalla grande
	2	gorros de baño
	1	gafas
	3	camisetas laranxa co anagrama « socorrista »
	2	pantalóns curtos cor azul

Técnico especialista en actividades deportivas	2	chándal
	1	par de tenis ou botas de monte
	1	anorak (impermeable e de abrigo, cada dous anos, para os que desenvolvan o seu traballo no exterior)

Mestre	2	batas brancas ou 2 chándal
	1	Par de tenis

Técnico especialista escola infantil	2	batas brancas ou 2 chándal
	1	par de tenis

Médico	1	bata branca ou pixama
	1	calzado con sola antideslizante (1 par)

Diplomado en enfermería	1	bata branca ou pixama
	1	calzado con sola antideslizante (1 par)

Delineante	1	bata branca
-------------------	---	-------------

ATB, Aux. Técnico de Publicacións	2	fundas ou traxes de mahón ou batas azuis
--	---	--

ATI, OFI e Auxiliar Técnico de Servizos Centros	2	funda ou traxe de mahon ou bata azul
(*) 1 traxe de augas (EN 343) para cada Punto de atención de información e servizos de cada centro		

Persoal de correos	1	bata azul
	1	anorak para cada persoa cada dous anos.

Técnico investigación do forno incinerador	2	fundas ou traxes de mahón
	4	camisas(2 veran 2 inverno)
	8	4 pares carpíns de veran e 4 de inverno

Responsable Seguridade	1	chuvasqueiro
	1	botas agua

Tec. Inv. Veterinaria	1	traxe mahon veran
	4	camisas, 2 verán e 2 inverno
	8	carpíns

Tec. Inv. Dpto. Anat., Produc. Animal e CC.Clínicas Veterinarias	2	traxes mahon Veran
	1	traxe Inverno Frío/Agua
	4	camisas, 2 verán e 2 inverno
	8	carpíns (4 verán-4 inverno)
	1	traxe de pana

Restaurador de Libros e Documentos	1	mandil impermeable
---	---	--------------------

Restaurador de arte	1	bata
----------------------------	---	------

Técnico Especialista Imprenta	2	fundas ou traxes mahon ou batas azuis
--------------------------------------	---	---------------------------------------

T. I. Area Biolox Saude (Medc-Odn)	1	1 par de calzado sola antideslizante
---	---	--------------------------------------

Tec. Especialista de investigación (imaxe e son)	2	Batas azuis
---	---	-------------

T. I. Area Bioloxía Saude con destino no Acuario	1	par de botas goretex antideslizantes
	2	forros polares
	1	traxe Inverno tipo goretex (non plástico)
	4	carpíns(2 verán-2 inverno)

Ás persoas xubiladas parcialmente de forma anticipada daráselles a roupa de traballo cada 3 anos.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/06/2022 09:31:19.

CSV: DC72-2E0B-4056-88EE